

Rosalía de Castro nace en Santiago de Compostela o 23 de febreiro de 1837 e é bautizada ese mesmo día no Hospital Real co nome de María Rosalía Rita e rexistrada como filla de pais descoñecidos, aínda que hoxe sabemos que foi filla do sacerdote José Martínez e de María Teresa de la Cruz de Castro, de familia fidalga.

Os seus primeiros anos de vida pasaron no pazo de Ortoño, propiedade da familia paterna, pero sen contacto co seu pai nin a súa nai.

Cando Rosalía xa tiña doce anos a súa nai faise cargo dela e lévaa a vivir a Padrón e, posteriormente, a Santiago de Compostela.

En 1856, con dezanove anos, trasládase a Madrid, e coñece a Manuel Murguía co que casará uns anos despois e é quen a anima a publicar as súas obras, pois Rosalía, de carácter moi reservado, non tiña ningún interese na difusión das súas creacións.


No ano 1859 publícase a súa primeira novela «*La hija del mar*» e, uns anos despois, o seu primeiro libro de poemas «*La Flor*», ambos os dous en lingua castelá.

Posteriormente, en 1863, aparece «*Cantares Gallegos*» e en 1880 «*Follas Novas*», dous libros de poemas, en galego, que consagrarán a Rosalía como a gran poeta galega de todos os tempos.

A obra literaria de Rosalía ten un carácter marcadamente romántico cunha expresión sinxela, tratando temas como a emigración, o amor pola terra, o descontento social, os abusos dos poderosos...

Rosalía, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, son as grandes personalidades do noso Rexurdimento, movemento cultural no que a lingua galega volve a ser utilizada como idioma literario e o seu uso comeza a normalizarse coa aparición de novos autores, xornais e editoriais.

Un 15 de xullo de 1885 falece Rosalía na súa casa de Padrón e é enterrada, baixo unha oliveira, no cemiterio padronés de Adina. Seis anos despois os seus restos foron trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres, no convento compostelán de San Domingos de Bonaval.



A familia de Rosalía de Castro. Ano 1884.

Foto de Manuel Palmeiro

VAMOS BEBENDO

Follas novas,
Rosalía de Castro

Teño tres pitas brancas
e un galo negro
que han de poñer bos ovos,
andando o tempo.
E hei de vendelos caros
polo xaneiro,
e hei de xuntar os cartos
para un mantelo,
e heino de levar posto
no casamento,
e hei...

-Pois mira, Marica,
vai por un neto,
e entrementres non quitas
eses cerellos,
e as pitas van medrando
co galo negro,
para poñer os ovos,
e todo aquilo
do xaneiro, dos cartos,
e o casamento,
miña prenda da alma,
Vamos bebendo!



DÍA DE ROSALÍA

23 DE FEBREIRO



**ROSALÍA DE
CASTRO**

(1837-1885)



**XUNTA
DE GALICIA**



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**